


OPERACIÓNS E GRÁFICAS LIBREOFFICE CALC.


1. OPERACIÓNS:

Para facer operacións simplemente se escribiu na cela na que se desexa que se almacene o resultado a operación que se quere realizar precedida polo símbolo “=”. Os operandos identifícanse mediante a letra que identifica a columna seguida do número que identifica a fila. Tamén se pode obter a referencia picando co botón esquerdo do rato sobre a cela correspondente.

No seguinte exemplo almacénase en C1 a suma de A1 e B1




Cando se selecciona unha cela aparece un **pequeno cadrado** na parte inferior dereita da mesma. Para estender a operación ás seguintes posicións valores da fila C simplemente pinchase co botón esquerdo do rato sobre o **pequeno cadrado** da casa C1, na que xa se fixo a operación, e arrastrase cara abaixo a todas as casas nas que se desexa facer a mesma operación.




Cando se arrastra as referencias ás celas actualízase incrementándose ou reducíndose segundo cara onde se arrastre, así ao arrastrar o contido da cela C1 cara á cela C2 a operación que aparecerá en esta será A2+B2. Do mesmo ao arrastrar cara a D1 a operación sería B1+C1. Se se desexa que un identificador, letra(columna) ou número(fila), non se modifique deberase poñerlle diante o símbolo “\$”. As referencias que teñen diante o símbolo “\$” denomínanse estáticas.

Cando se quiere realizar unha operación complexa pódese empregar o asistente de funcións, para facelo cómpre seleccionar a cela e usar o botón **f_x** que aparece ao seleccionar unha cela. No Asistente de funcións ao seleccionar algunha das **funcións**, que aparecen agrupadas en **categorías**, para facilitar a busca, pódese ver a súa **sintaxe**.




2. GRÁFICOS:

Para realizar unha representación gráfica seleccionamos as columnas que queremos representar e pulsamos dentro do menú **insertar** a opción **gráfico**. Ao facelo abrírase o asistente para engadir gráficos.



Dentro do asistente, no apartado **Tipo de gráfico** (Type of chart) seleccionase como tipo **dispersión** (Scatter) e como subtipo **algún de aqueles nos que aparecen os marcadores** (any of those in which markers appear), así se ve claramente cantos puntos se tomaron para facer o gráfico. A primeira columna seleccionada serán os valores do eixo x mentres que cada unha das demais columnas será unha curva.



Ademais, no apartado **Elementos do gráfico** (Chart elements) pódese escoller o **título do gráfico** (Chart title) e os **títulos dos eixos** (Axis titles). Finalmente ao picar no botón Finalizar aparece o gráfico.

